

Pleno Extraordinario sobre Comercial - 11 de xuño de 2015

De momento non haberá mobilización en Comercial

Celebrouse este Pleno Extraordinario para valorar o resultado da Comisión de Xestión do día anterior e ver a posibilidade de convocar mobilizacións e folga neste mes de xuño.

Na Comisión de Xestión non se presentou ninguén da área de Comercial, alegando motivos de axenda, RRHH estivo dando algunha resposta aos temas que como Comité se lle trasladaron. Non houbo avances e só algún compromiso de solución en temas de menor importancia. A empresa comprometeuse a manter unha reunión neste mes de xuño coa alta dirección de Comercial Norte onde se lle poida dar traslado a todos os temas que consideremos.

Tanto CCOO como UGT, ven positivo o compromiso de manter esta xuntanza e de momento non son partidarios de convocar nada. Dende a CIG comentamos que quen está a gañar tempo é a empresa pois a pesares de non presentarse ninguén na Comisión de Xestión, cando o propio Comité solicitara que estivesen os máximos responsables do departamento, conseguen desactivar unha folga pensada para o día 22 deste mes. Tamén expoñemos que nós non convocaremos se no se implica todo o Comité nesta mobilización.

Establécese un debate sobre o modo en que debe actuar o Comité para solucionar os problemas dos traballadores e traballadoras de Comercial, non esquezamos que este é o obxectivo. A reunión coa alta dirección pode acabar en nada, como ten acontecido noutras ocasións, polo tanto para a CIG de momento non vemos ningún avance palpable.

Tamén expoñemos as nosas dúbidas a respecto de crear unha comisión dentro de Comité Provincial de Seguridade e Saúde para tratar os Riscos Psicosociais. Xa houbo grupos de traballo sobre este tema e non se mellorou, nalgún caso incluso teñen empeorado algúns parámetros. Moitas veces estas comisións só serven para que vaia pasando o tempo sen tomar ningunha medida favorable á saúde dos traballadores.

O caso é que de momento non se convoca nada, que seguimos á espera e que enviaremos un escrito como Comité cos puntos a tratar nesa xuntanza. Quedamos en marcar aquelas cuestións que consideramos prioritarias e urxentes.

Para a CIG o importante é reducir a presión insoportable que padecen os comerciais e mellorar as súas condicións laborais. A reunión coa alta dirección servirá se hai vontade para tomar medidas que favorezan aos traballadores e traballadoras, de momento esa vontade por parte da empresa non se viu por ningures.